

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de outubro de 2021**

Ás 18.00 horas do día 21 de outubro de 2021, réunese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourenzana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Popular don César Manuel Fernández Gil, que é substituído por don Miguel Antonio Cid Álvarez.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE SETEMBRO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de setembro de 2021.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 16 de setembro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Don Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indica que recentemente estaba previsto un rally España en Cabeza de Manzaneda copatrocinado por esta Deputación e pregunta en que consistía o patrocinio da Deputación de Ourense. Engade que ante as denuncias de organizacións ambientais, como non se retirou ese patrocinio dun rally que se veu abaixo por cuestións de agresión ao entorno de toda Manzaneda que estamos a protexer.

A **Sra. presidenta** responde que conseguirá información e lle dará traslado dela na próxima comisión.

Don Bernardo Varela López, do BNG, pregunta pola obra que se está a acometer ao carón do Mosteiro de Oseira. Indica que no pleno se aprobou unha moción por unanimidade na que se lle solicitaba á Xunta de Galicia que trasladara o proxecto desa construción do Mosteiro de Oseira para albergue de peregrinos. Poderíase rehabilitar parte da propia instalación preexistente abandonada, sería mais digna que o *mamotreto* que lle están facendo e non sabe como foron tan ousados para facelo. Pide que se lle pase o proxecto.

A **Sra. presidenta** responde que intentará conseguir esa documentación.

E, ás 18.03 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

